

SURREALISMO

OBRA: A VERBENA

AUTORA: **Maruja MALLO (1902-1995)**

CRONOLOXÍA: 1927

ESTILO: Surrealismo

MEDIDAS: 119 cm x 165 cm

MATERIAL: Óleo sobre lenzo

LOCALIZACIÓN: Museo Centro Nacional de Arte Reina Sofía



Maruja Mallo nace en Viveiro, recibe clases de pintura en Avilés e trasládase a Madrid para estudar na Academia de San Fernando. Na Residencia de Estudiantes fai amizade con Dalí, Buñuel e Lorca, admiradores á súa vez da personalidade da pintora galega, e tamén da modernidade das súas obras. Dalí cualificou a Maruja Mallo como “mitad marisco, mitad ángel”, e Lorca dixo dela “Maruja Mallo, entre Verbena y Espantajo toda la belleza del mundo cabe dentro del ojo, sus cuadros son los que he visto pintados con más imaginación, emoción y sensualidad”. Pertenceu ao grupo das *Sin sombrero*, xunto con María Zambrano ou Margarita Manso, mulleres pensadoras e artistas que destacan pola súa rebeldía, estar á vangarda, recuperar a tradición popular e o compromiso social. A anécdota de quitar o sombrero converteuse en símbolo dunha actitude considerada tan indecorosa que, segundo ela contaba, foron apedreadas na Porta do Sol de Madrid. Foi unha metáfora da liberación das ideas, e un choque coa orde establecida.

Mostra do seu talento é a contribución de Ortega y Gasset ao éxito de Maruja Mallo coa organización na *Revista de Occidente* da súa primeira exposición en Madrid (1928), feito que pon de relevo a fonda impresión que esta muller causaba entre os seus coetáneos, ao tratarse da primeira e única exposición celebrada por dita revista ao longo da súa historia.

Viaxa a París e coñece aos surrealistas. André Breton, líder do Surrealismo viu na súa serie de pinturas negras *Cloacas y campanarios* unha obra mestra e comprou o *Espantapájaros* para poñelo nun lugar de honra na súa colección. Pero os cadros escuros serán máis tarde, e a época desta Verbena eran os felices anos 20, Mallo era aínda nova e optimista, e as súas obras eran alegres e coloridas. É un intento de retratar a sociedade madrileña con algo de ironía. Barracas, artefactos de feria, espellos deformantes, tiouvivos, músicos, xigantes e cabezudos, mariñeiros de permiso, terrazas, a garda civil... Un caos ordenado que reflicte o balbordo das verbenas populares con gran alegría. Aínda non chegaran os malos tempos. A guerra en pouco tempo materia ou exiliaría aos seus amigos.

Comprometida coa II República Española, a Guerra Civil sorpréndea en Galicia e decide marchar ao exilio a Arxentina. Durante o seu exilio de máis de vinte e cinco anos viaxa e coñece aos principais protagonistas da arte e a cultura, continuando o modelado da súa propia forma de ver o mundo e do xeito de expresalo. A volta a España nos sesenta pasa desapercibida, nun país que non a recoñece nin ela recoñece. Volta á escena pública cando as súas obras recobran certo recoñecemento en España, asistindo a bares, tertulias e reunións, ata rematar converténdose en musa da *movida madrileña*.

COMENTARIO

Maruja Mallo consagrouse como unha das principais pintoras da súa xeración con catro lenzos enmarcados dentro dunha serie que reciben o nome de Verbenas. Esta serie xunta o popular e elementos tradicionais de España e a rúa para realizar retratos corais cun forte punto sociolóxico e antropolóxico onde se pode observar a diferenza entre distintas clases sociais. Tamén as verbenas amosan unha gran afinidade con Valle-Inclán, especialmente co seu concepto de *esperpento*. A serie está composta por catro grandes pinturas ao óleo que parecen murais. Representa distintas escenas e actos, sendo en ocasións caótico para a comprensión do espectador. A sátira é un elemento dominante, xunto cun certo componente máxico e un interese latente pola cidade.

A obra a comentar é a terceira Verbena, todas pintadas en 1927. Parece que representa a romería de San Isidro ou a verbena de San Antonio de la Florida. Compositivamente divídese a obra en dúas diagonais que, ao cruzarse, forman unha serie de triángulos equiláteros, aumentando así a sensación de dinamismo. As personaxes se multiplican e a escena aparece abigarrada nalgúns zonas. Chama a atención as figuras de dous xigantes, un levando na man unha cheminea de cartón que luce como un cetro real. Outra parella, máis discreta en proporcións, representan un guarda civil e a súa muller. No centro hai dúas mozas vestidas de xeito pouco convencional para a época e unha delas, ademais, leva saia de tenis (a crítica cre que pode tratarse da súa amiga Concha Méndez, gran deportista).

É imprescindible mencionar a clara influencia de El Prado, museo que visitaba con frecuencia soa e con Dalí ou Alberti. Hai que recordar a influencia e admiración cara a Goya, o Bosco e Velázquez. Isto pódese observar na *Verbena* en dous elementos: a figura feminina ao fondo do lenzo que está pintando e que podería tratarse da propia pintora emulando ao feito por Velázquez nas *Meninas*, e a influencia do goyesco que queda plasmado na marxe inferior esquerda coa figura dun guitarrista cego.

Maruja Mallo foi unha pintora moi versátil e un crisol onde conflúen os principais movementos de vangardas. Esa indeterminación á hora de concretar un estilo unificado nos seus traballos obrigou a encadrar a Maruja Mallo dentro do Surrealismo debido á súa forte conexión con algunha das principais figuras, obviando a súa riqueza temática e estilística. Se tivesemos que enmarcar nun estilo a serie Verbenas, poderíase facer dentro dun expresionismo dinámico. As variadas fontes das que parte Mallo fan imposible etiquetar tanto esta pintura como o resto da súa produción.

Durante estes anos, a década dos vinte, o cine exerce unha fonda impresión nela e xunto ao futurismo, marcan unha constante nos seus traballos: o movemento, a aparición da cidade como protagonista e as máquinas e os seus aspectos mecánicos. Porén, o cubismo de Picasso non lle é indiferente e tamén podemos falar de realismo máxico nas súas pinturas. En definitiva, é unha artista que escapa de calquera catalogación, demostrando así a súa importancia na pintura.

Falando da transcendencia de Maruja Mallo na arte española, hai que destacar a participación plena na creación dunha arte nova e de vangarda en España, no mesmo chanzo de importancia que Dalí, Buñuel, Lorca ou Alberti. A súa labor na pintura non só foi unha gran aportación no terreo artístico, senón que configurou e marcou o camiño cara a profesionalización da muller no mundo da arte, debido en gran parte á súa personalidade e éxitos conseguidos nun momento histórico onde o papel das mulleres limitábase ao ámbito privado. Todo o anterior fai de Maruja Mallo unha das máis grandes artistas españolas do S.XX.